

## **ACTA DE DITAME DO XURADOS DO XVI PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS, II PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL E V PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES**

---

LUGAR: sala de xuntas do IGAEM (rúa da Vesada s/n, Santiago)

DATA: 25 de setembro de 2007

HORA DE COMEZO: 16.30 h

HORA DE REMATE: 20.30 h

ASISTENTES:

*Euloxio Rodríguez Ruibal*, presidente, DNI: 33156635 L

*Xesús Ron Pereiro*, vogal, DNI: 32773642 E

*Daniel González Salgado*, vogal, DNI: 36136243 T

*Paula Carballeira Cabana*, vogal, DNI: 32658675 D

*M<sup>a</sup> Ángeles González Rodríguez*, vogal, DNI: 09383193 K

*Cándido Pazó González* vogal, DNI: 36031665 A

*Marcelina Calvo Domínguez*, secretaria, DNI: 10.068.341 E

- Un dos membros do xurado, Cándido Pazó González, informa aos asistentes da pertinencia de absterse na decisión do premio Álvaro Cunqueiro por recoñecer, entre os orixinais, textos nados nos talleres de dramaturxia impartidos no Centro Dramático Galego e dirixidos por el mesmo. O xurado en pleno acepta a proposta e decide deixar para o final da sesión o ditame do Álvaro Cunqueiro.

- A secretaria lémbrales aos asistentes as decisións tomadas na sesión de constitución do xurado e reparto de orixinais do día 22 de xuño de 2007 sobre dous textos presentados ao premio Álvaro Cunqueiro:

O xurado decide excluír do proceso do premio Álvaro Cunqueiro o texto *Pétula ten pretendentes* (nº de rexistro 1870) por contravir a base terceira, apartado dous, da orde de convocatoria (DOG nº 44, 2 de marzo de 2007): "As obras serán de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo para cada un dos premios, quedando excluídas, xa que logo, as obras de carácter breve [...]". O xurado entende como unha peza breve o texto presentado ao premio Álvaro Cunqueiro,

non así o presentado co mesmo título (*Pétula ten pretendentes*, nº de rexistro 1801) e con moi lixeiras variacións ao premio Barriga Verde, que entra dentro da duración normal dun espectáculo de monicreques en modalidade infantil.

O xurado acorda, na mesma sesión do 22 de xuño de 2007, enviar comunicación ao enderezo dun dos orixinais presentados ao premio Álvaro Cunqueiro (*O silencio de Zaratustra*, nº de rexistro 1938) para a comprobación de se o nome e apelidos inscritos na portada das copias correspondentes obedecen a autoría real ou a un seudónimo. Con data 26 de xuño (nº de rexistro 1587) dáse saída ao correspondente requirimento de aclaración de datos, que foi contestado (rexistro nº 2286, 5 de xullo de 2007) coa certificación de que dito nome corresponde a autoría real. Con estes datos, o xurado decide excluír do proceso o texto *O silencio de Zaratustra* atendendo á base cuarta, apartado dous, da correspondente convocatoria, segundo a cal os orixinais deben presentarse baixo un título e/ou lema inscritos na súa portada con indicación do premio ao que optan, e os datos de autoría (nome, apelidos...), dentro de sobre pechado.

- Varios membros do xurado informan de que o texto *Unha primavera para Aldara*, presentado ao Álvaro Cunqueiro, foi o gañador da XIII edición do premio de Teatro Rafael Dieste, da Deputación da Coruña, decisión dada a coñecer o 11 de xuño de 2007 e feito que non se puxo en coñecemento do IGAEM como era de obrigación segundo a base terceira, apartado cuarto, pola cal os participantes están obrigados a comunicarlle ao Instituto a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada no momento en que a situación se producise para dar lugar á exclusión do proceso. O xurado, pois, non ten en conta o texto *Unha primavera para Aldara* (nº de rexistro 1829) na súa decisión.
- Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE**, o xurado, atendendo á prerrogativa que a base sexta, apartado cinco, da convocatoria correspondente lle concede, decide, **por maioría, deixar deserto o V premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques en ambas as modalidades (adulto e infantil)** ao estimar que ningún dos textos presentados posúe a suficiente calidade literaria e/ou escénica.
- Valorados os textos presentados ao premio **MANUEL MARÍA** e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar **por maioría o II premio Manuel María de literatura dramática infantil** ao texto presentado baixo o título *Game over* (nº de rexistro 1703).

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Carlos Losada Galiñáns**, DNI: 35451393K. Na mesma aplica, como era de obrigación segundo a base cuarta, apartado segundo, inclúese unha declaración do autor de que o texto non foi publicado nin premiado en ningún momento anterior.

Destaca o xurado o bo ritmo da obra, as súas boas posibilidades escénicas e a frescura da súa linguaxe. Unha obra ben argallada, fácil de seguir para os rapaces e non exenta de certa profundidade ao introducir unha mensaxe moi actual, que non é outra que o illamento ao que se someten na actualidade os pequenos por ese mundo das "máquinas". A introdución da máquina como personaxe, o humor e un interesante tratamento da violencia son elementos destacados polo xurado de *Game over*.

- Cándido Pazó abandona a sesión para dar comezo á valoración dos textos presentados ao premio **ÁLVARO CUNQUEIRO**. Despois das oportunas deliberacións, o xurado decide outorgar, **por maioría, o XVI premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais** ao texto presentado baixo o lema *Gris* (nº de rexistro 1832).

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Roberto Salgueiro González**, DNI: 27469369D, e o título da obra: *Historia da chuvia que cae todos os días*. Na mesma plica inclúese declaración asinada polo autor de que o texto non foi publicado nin premiado en ningún momento anterior.

De *Historia da chuvia que cae todos os días* destaca o xurado a dramatización que o autor fai dos conflitos sociais presentes en Galicia na actualidade como son a falta de perspectivas laborais, as cargas familiares, a emigración, o choque xeracional. Unha obra comprometida, que emprega un galego vivo, de diálogos áxiles, tensos, cribles, con carga dramática, onde domina o choque xeracional entre un pai e un fillo que viviron vidas parecidas.

- Finalizadas as deliberacións, levántase a sesión ás 20.30 horas.

Contra este ditame do xurado cabe interpoñer, consonte co art. 4.2 da Lei 4/1989, de creación do IGAEM, Recurso de Alzada ante a Consellería de Cultura e Deporte no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte á súa comunicación pública, ou interpoñer directamente, de conformidade co sinalado nos artigos 107.1, 114 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro (e previa comunicación ao órgano que ditou o acto) recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, dende a súa comunicación pública.

E para que así conste, asinan esta acta en Santiago de Compostela a 8 de outubro de 2007 o presidente e a secretaria do xurado.

Asdo. Euloxio Rodríguez Ruibal  
Presidente

Marcelina Calvo Domínguez  
Secretaria

## Anexo: Textos presentados

### XVI Álvaro Cunqueiro

Nº REXISTRO	TÍTULO/LEMA
1453	Unha lei paritaria
1518	A nai
1704	Augusta
1742	Bárbaros. Sapiens emocionensis
1743	Publius Aelius Hadrianus, emperador de Roma
1744	Panóptico
1815	O sono dourado
1821	Dous océanos
1829	Unha primavera para Aldara
1832	Gris
1847	Pause
1848	Visión nocturna
1849	A rúa da Bohemia
1870	Pétula ten pretendentes
1901	Pinocho vexetal
1938	O silenzo de Zaratustra

### V Barriga Verde

Nº REXISTRO	TÍTULO/LEMA
1340	A viaxe de Farrapos (modalidade infantil)
1481	Amor maché (modalidade adultos)
1782	O país dos unicornios (modalidade infantil)
1801	Pétula ten pretendentes (modalidade infantil)
1830	As fazañas do pirata Gafe (modalidade infantil)
1900	Pinocho non debe morrer (modalidade adultos)

### II Manuel María

Nº REXISTRO	TÍTULO/LEMA
1165	Un soño por cumprir
1402	Esperta principiño!
1634	O monstro do castelo
1702	Bon appétit
1703	Game over
1745	A herba das tres espigas
1816	Marco Iris
1817	Os reloxos que non podían contar o tempo
1840	Gres
1845	Xogando con gatos
1846	Lixo
1869	Mexeriqueiro, príncipe poemático
1871	Soño mariñeiro (no teatro de media noite)